



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dirección Estratéxica da Innovación e a Tecnoloxía: Ferramentas para a súa Xestión

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Dirección Estratéxica da Innovación e a Tecnoloxía: Ferramentas para a súa Xestión | | | |
| Código | O04M157V01208 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 5 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Gueimonde Canto, Ana Isabel | | | |
| Profesorado | Gueimonde Canto, Ana Isabel Nogueira López, Natalia Uxía Rey Vázquez, Lara Tobio Rivas, Ana María | | | |
| Correo-e | agueimonde@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |

Descrición xeral A innovación é unha disciplina que deben practicar todas as empresas, independentemente da súa dimensión ou do sector onde compitan. Alén de ideas, creatividade, motivación, pensamento lateral ou xeración de novas propostas (temas abordados en outras materias), para realizar innovación eficaz é necesario efectuar unha dirección estratéxica desta e implantar na empresa os instrumentos de xestión necesarios para poder responder á complexidade e á incerteza estrutural en que desenvolve, na actualidade, a súa actividade a empresa.

Obxectivos da materia:

- Identificar oportunidades de innovación e definir plans de acción que axuden a implantar as oportunidades detectadas.

- Coñecer as diferentes estratexias de innovación tecnolóxica nas organizacións e apoialas nos procesos de transferencia de tecnoloxía.

- Coñecer todos os aspectos básicos que comprende a xestión da innovación nas organizacións nos aspectos de produtos/servizos e procesos.

- Estar capacitados para asesorar ás empresas na aplicación de técnicas de innovación.

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| A1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |

| | |
|-----|---|
| A4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades. |
| A5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo. |
| B3 | Habilidade na procura de información especializada e proveniente de distintas fontes. |
| B4 | Capacidade para a toma de decisións. |
| B7 | Capacidade de análise e vixilancia dos ambientes empresariais (contorno xurídico, fiscal, social, institucional, etc.). |
| B14 | Capacidade de comprender a importancia da tecnoloxía dentro da empresa actual. |
| C6 | Capacidade para aplicar, de forma oportuna, ferramentas e metodoloxías de xestión da innovación. |
| C9 | Coñecemento dos instrumentos que permiten vixiar a contorna empresarial e tecnolóxica. |
| D3 | Capacidade crítica e autocrítica. |
| D6 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|
| Identificar diferentes tipos de innovacións e diferentes tipos de tecnoloxías susceptibles de ser aplicadas e empregadas polas organizacións. | A5 B14 D6 |
| Identificar e describir os diferentes procesos de xestión da innovación, así como as súas diferentes fases. | A5 D3 |
| Analizar os modelos e estratexias de innovación que as organizacións levan a cabo. | A1 A2 A3 A5 D3 D6 |
| Recoñecer situacións que requiran da aplicación de ferramentas de xestión da innovación, e seleccionar a/s ferramentas/s axeitada/s a cada situación. | A2 A3 A4 A5 B4 C6 D6 |
| Recordar as diferentes formas de protexer a propiedade industrial das innovacións, identificar a forma máis adecuada para as situacións que requiran de tal protección e coñecer o procedemento a seguir para obter a protección. | A1 A2 A3 A5 B4 B14 C6 D6 |
| Adaptar a cada organización as alternativas metodolóxicas para implantar un sistema de vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva nas organizacións. | A1 A2 A3 A5 C6 D6 |
| Identificar e coñecer diversas fontes de información para realizar vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva nas organizacións | A1 A2 A3 A5 B3 B7 C9 |
| Explicar e describir as normas de xestión da I+D+i, os seus elementos constitutivos e o seu plan de implantación | A2 A3 C6 |

Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Introdución á Xestión da Innovación. Modelos de xestión da innovación | - Conceptos básicos: a innovación, a tecnoloxía - A estratexia: A importancia das competencias esenciais para edificar a estratexia de innovación ao seu redor - Modelos de innovación - Ferramentas para a innovación |

| | |
|--|---|
| Incremento do patrimonio tecnolóxico. Transferencia de tecnoloxía | - Necesidade de adoptar unha tecnoloxía - O proceso de transferencia de tecnoloxía - Organización do proceso de transferencia de tecnoloxía - Mecanismos de transferencia de tecnoloxía - Estratexias de transferencia de tecnoloxía - Contexto xurídico (contratos) |
| Avaliación da competitividade e do potencial tecnolóxico propio | - Diagnósticos tecnolóxicos |
| Xestión de resultados. Protección da innovación | - Dereitos de Propiedade intelectual - Dereitos de Propiedade industrial |
| Vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva | - Introducción á VT/IC - Proceso de VT/IC - Ferramentas de VT/IC |
| Implantación dun sistema de xestión de I+D+i | - A familia de normas UNE 166000 - Organizar e xestionar eficazmente a I+D+i: a norma UNE 166002 |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Sesión maxistral | 27.5 | 38.5 | 66 |
| Foros de discusión | 0 | 8 | 8 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 0 | 45 | 45 |
| Probos de resposta curta | 1 | 5 | 6 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Sesión maxistral | Clases maxistras con utilización de recursos audiovisuais e informáticos, charlas de expertos e presentación de traballos polos alumnos |
| Foros de discusión | Esta actividade consistirá na creación dun glosario colaborativo sobre cada un dos temas da materia. Cada participante deberá contribuír introducindo termos aos glosarios e comentando os termos introducidos por compañeiros ou compañeiras. Os obxectivos da actividade son os seguintes: □ Construción colaborativa dun documento sintético que conteña os termos, conceptos e elementos relevantes da disciplina, a fin de que poda ser usado como elemento de referencia básico por parte de todo o grupo. □ Comprensión profunda dos conceptos abstractos e a aplicación dos mesmos. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Encomendarase a realización de catro traballos ou exercicios prácticos, arredor de algún caso de innovación ou organización innovadora real. Temas sobre os que versarán os traballos: 1. Dirección estratéxica da IT. Ferramentas para a súa Xestión. Modelos de Innovación. 2. Protección da Innovación. Transferencia de Tecnoloxía. 3. Vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva. Auditorías tecnolóxicas 4. Normalización e certificación da I+D+i |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | A atención personalizada, co fin de resolver dúbidas das clases teóricas e prácticas, desenvolverase tanto a través de actividades presenciais (titorías) como non presenciais (consultas vía e-mail). |
| Foros de discusión | A atención personalizada, co fin de resolver dúbidas sobre a materia, desenvolverase tanto a través de actividades presenciais (titorías) como non presenciais (consultas vía e-mail). |

Avaliación

| Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|------------|---------------|---------------------------------------|
| | | |

| | | | | | |
|---|---|----|----------------------------|-----------|----------------|
| Foros de discusión | Trátase de realizar un glosario colaborativo relacionado cos contidos da materia. Cada participante do curso deberá de contribuír como mínimo con unha achega ao glosario (definición de concepto, expresión, proceso, etc. relevante para a disciplina) e realizar tamén dous comentarios a definicións incorporadas ao glosario previamente por outros/as compañeiros/as (aclaracións, correccións, ampliacións, críticas, puntualizacións, etc. ás definicións de outros/as) - Valorarase a oportuna escolla de termos así como a súa definición. - Valorarase tanto o número de achegas (mínimo 1) e o número de comentarios a achegas doutros/as compañeiro/as (mínimo 2), como, fundamentalmente, a calidade, rigor e relevancia dos mesmos. - Así mesmo, valorarase o uso de fontes de información adecuadas e rigorosas para definir os vocábulos. Neste sentido, é obrigatorio que o alumnado indique sempre as referencias das fontes empregadas. | 5 | A1 A2 A3 A4 A5 | B14 | D3 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Traballos ou exercicios prácticos, que versarán arredor de algún caso de innovación ou organización innovadora. En cada traballo valorarase: <input type="checkbox"/> Precisión e claridade na exposición das ideas principais. <input type="checkbox"/> Orde e coherencia de argumentos. <input type="checkbox"/> Capacidade analítica, de relación, e o sentido crítico. <input type="checkbox"/> Corrección formal. <input type="checkbox"/> Correcto uso das fontes e referencias bibliográficas. | 75 | A1 A2 A3 A4 A5 | B4 B14 | C6 D3 D6 |
| Probas de resposta curta | Proba de seguimento. | 20 | A1 A4 | B14 | C6 D6 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

O conxunto de criterios de avaliación arriba exposto constitúe o sistema de avaliación continua para a convocatoria de xuño.

Para superar a avaliación continua é obrigatoria a realización do 100% dos traballos e probas a realizar na materia. Ademais é preciso obter como mínimo un 5 sobre 10 en cada un dos traballos e probas.

Segunda convocatoria (xullo):

Alternativa a) Exame global dos contidos da materia no mes de xullo. A cualificación do exame será o 100% da nota.

Alternativa b) Só para os estudantes que teñan seguido a avaliación continua e non teñan superado algún dos traballos ou probas: os traballos e probas suspendidos poderanse recuperar na data oficial de xullo establecida para a avaliación da materia.

Estrutura do exame da convocatoria de xullo

- Unha primeira parte de cuestións relativas a conceptos básicos da materia. Será necesario obter unha nota mínima nesta parte da proba para poder realizar a seguinte parte.
- Unha segunda parte consistente en cuestións de relacionamento ou casos prácticos.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2016-2017. Non obstante, o calendario pode ser modificado ao longo do curso por algún imprevisto. Consultade a páxina web do Máster por se hai cambios no mesmo. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na mencionada páxina web (<http://mastercidie.webs.uvigo.es/index.php/gl/docencia-menu-gl/horarios-e-guia-novo-alumnado>)

Observación importante:

Calquera evidencia de probas ou traballos plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso nas dúas convocatorias.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica:

- Fernández Sánchez, E. (2005). Estrategia de innovación. Thomson. Madrid.
- Hidalgo Nuchera, A.; Serrano León, G.; Pavón Morote, J. (2002). La gestión de la innovación y la tecnología en las organizaciones. Pirámide. Madrid.

□Roberts, E. (1996). Gestión de la Innovación Tecnológica. Fundación COTEC. Madrid.

□Tidd, J.; Bessant, J. y Pavitt, K. (2001). Managing Innovation. Integrating technological, market and organizational change. Wiley. Great Britain.

□Publicacións Fundación COTEC: Repositorio de bibliografía especializada no ámbito da innovación (é necesario rexistrarse para descargar os documentos)

□Biblioteca práctica de innovación de Galicia IGAPE: Repositorio de bibliografía especializada no ámbito da innovación (é necesario rexistrarse para descargar os documentos)

Hidalgo, A. (2001): □La gestión de la tecnología como factor estratégico de la competitividad industrial□. Economía Industrial, 330.

Hidalgo, A., Vizán, A. y Torres, M. (2006): □La innovación tecnológica como factor de competitividad□. En: Análisis y propuesta de actuaciones para el fortalecimiento de las relaciones Universidad-Empresa. Consejería de Economía e Innovación Tecnológica de la CAM y Universidad Politécnica de Madrid. Madrid.

Hidalgo, A. y Albors, J. (2008): □Innovation management techniques and tools: A review from theory and practice□. R&D Management, 38 (2).

Recomendacións

Outros comentarios

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, podéñse requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do curso e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Achegaráselle ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.
